

SAÍDAS DE CLAUSURA



**PROGRAMA LECER
PRIMAVERA DE 2025**

PRESCRIPCIÓN PARA ÁS PERSOAS PARTICIPANTES DO PROGRAMA DE LEGER: 9, 10, 11, 12 E 13 DE MAIO

Para aquelas persoas que non teñan posibilidade de facelo de maneira telemática, haberá persoal de axuda no Ágora e no Fórum, no seguinte horario: venres día 9 (de 10.00 - 14.00 h) e o luns 12 e martes 13 (de 10.00 - 14.00 h e de 17.00 - 20.00 h).

Cada persoa poderá anotarse en 3 saídas curtas e 3 longas. Deben indicalas por orde de preferencia.

No caso de querer ir con outra/s persoa/as que participan nos obradoiros, é imprescindible facer a preinscrición de forma consecutiva.

[PREMA AQUÍ PARA ACCEDER AO FORMULARIO](#)

SORTEO:

Xoves 15 de maio, ás 12.00 h.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PLAZAS:

Luns 19 de maio, a partir das 10.00 h, no Fórum , no Ágora, na páxina web e no servizo 010.

ABONO:

Luns 19, martes 20 e mércores 21 de maio, de 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas. **UNICAMENTE SE REALIZARÁN OS COBROS EN EFECTIVO**, nos halls de ambos centros.

De non facer efectivo o abono da/s saída/s adxudicada/s, a persoa interesada perderá a súa preferencia, e as prazas serán vendidas como prazas libres.

- O venres 23 realizaranse as **chamadas** á xente da **lista de espera**.
- O mercores 28 sairán as **prazas libres** para acompañantes e público en xeral. (Se aínda houbera prazas).

PROCESO DE AXUDICACIÓN DE PRAZAS

A partir do número do sorteo tratarase de asignar a primeira saída preferente e o asento do autobús, ata esgotar as prazas. No caso de moita demanda organizaremos outro autobús ou incluso máis autobuses, noutras datas.

Trataremos de adxudicar 2 saídas curtas e 2 longas por persoa, sempre e cando teñamos prazas suficientes. Se sobrasen prazas, poderíase adxudicar unha terceira.

A partir do número que saíse no sorteo, iremos asignando as prazas de cada saída ata completar o autobús entre todas as persoas que as solicitasen, polo orde de preferencia que estableceron na solicitude.

MOI IMPORTANTE:

***As saídas terán un número mínimo de participantes para seren realizadas: 15 persoas para as curtas e 45 para as longas.**

***As rutas poden sufrir algunha modificación. Nestes casos as persoas interesadas serán informadas.**

***No caso de anular a praza xa pagada, só se devolverá o importe da mesma no caso de ser cuberta por outra persoa.**

SAÍDAS CURTAS

→ **LUNS 2 DE XUÑO**

ENTRE PLAZAS (PATRI ANGULO)

No ano 1898 circulaba pola cidade o primeiro coche propiedade dun afamado doutor. Ese mesmo ano inaugurábanse as Escolas da Garda, regresaban os indianos e a cidade xa dispoñía dun novo barrio do Ensanche. Homes e mulleres viron crecer un novo barrio unido polas súas prazas: Pontevedra, Lugo e Ourense, as tres foron testemuña muda de acontecementos, persoas, historias que falan dunha época. Iniciaremos este percorrido nun dos barrios máis transitados da cidade.

Lugar de inicio: praza de Pontevedra (pomba de Picasso)

GRUPO 1 - 10.00 h

GRUPO 2 - 12.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

CIDADE SORRISO: OS ANOS 20 (PATRI ANGULO)

Viaxemos aos anos 20 e deixémonos levar polos teatros de variedades e os cafés do Recheo, polas casas de baño e a monumentalidade dos edificios financeiros encabezados polo novo rañaceos do Banco Pastor sobresaíndo no sky-line. Polos emblemáticos hoteis Atlantic ou Palace ou o Palacio de Xustiza. Hoteis, teatros, clubs, sociedades culturais, consulados, porto... unha cidade para pasear e para gozar, a cidade sorriso.

Lugar de inicio: Obelisco

GRUPO 1 - 17.00 h

GRUPO 2 - 19.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

→ **MARTES 3 DE XUÑO**

O OURO DOS AKAN PAX

A cultura akan de África Occidental, orixinaria da República de Ghana e da Costa de Marfil, ten unha longa e refinada tradición de fabricación de xoias e obxectos relixiosos. Os máis de 300 obxectos da exposición datan na súa maioría dos séculos XIX e XX, aínda que algunhas pezas son moito máis antigas.

Hora e lugar de inicio: 11.00 h, na Fundación Barrié

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 60 min

→ XOVES 5 DE XUÑO

PASEANDO A CIDADE VELLA (FER CAMPOS)

Xurdida na Idade Media, a "Cidade Alta" ou Cidade Vella como a chamamos hoxe, é o barrio coruñés máis impregnado de historia. Un percorrido por varias fotografías antigas axudaranos a descubrir como se transformou unha zona que a miúdo consideramos erroneamente case inmutable ao longo do tempo.

Lugar de inicio: Diante do Hotel Finisterre

GRUPO 1: 10.00 h

GRUPO 2: 12.00 h

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 90 min

→ VENRES 6 DE XUÑO

VISITA AO CASTRO DE ELVIÑA

O castro de Elviña está situado sobre un montículo sobre os vales de Feáns-Mesorio e Elviña, fronte ao campus universitario e á aldea de Castro. Dende o seu cumio, pódese gozar dunha ampla vista dos arredores e da cidade da Coruña. A superficie habitada, pechada por murallas, supera as 4 hectáreas e a súa proxección chega ás 13 hectáreas. O castelo foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) (desde 1962 Monumento Histórico- Artístico). As escavacións arqueolóxicas comezaron en 1947 e continuaron de forma intermitente ata 1985, xunto con diversas actividades de mantemento.

Na visita estaremos acompañados/as dun/dunha guía.

Hora e lugar de inicio: 10.00 h no Centro Ágora / 10.15 h saída dende o Fórum Metropolitano (iremos en autobús)

Prezo: 3€

Duración estimada da visita: 90 min

→ LUNS 9 DE XUÑO

VISITA AO CASTRO DE ELVIÑA

O castro de Elviña está situado sobre un montículo sobre os vales de Feáns-Mesorio e Elviña, fronte ao campus universitario e á aldea de Castro. Dende o seu cumio, pódese gozar dunha ampla vista dos arredores e da cidade da Coruña. A superficie habitada, pechada por murallas, supera as 4 hectáreas e a súa proxección chega ás 13 hectáreas. O castelo foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) (desde 1962 Monumento Histórico- Artístico). As escavacións arqueolóxicas comezaron en 1947 e continuaron de forma intermitente ata 1985, xunto con diversas actividades de mantemento.

Na visita estaremos acompañados/as dun/dunha guía.

Hora e lugar de inicio: 17.30 h no Centro Ágora / 17.45 h saída dende o Fórum Metropolitano (iremos en autobús)

Prezo: 3€

Duración estimada da visita: 90 min

→ MARTES 10 DE XUÑO

PASEANDO POR SAN ANDRÉS (PATRI ANGULO)

Neste paseo atoparémonos coa historia dunha rúa vencellada ao mar. As súas orixes mergúllanse en lendas. A súa arquitectura fala doutros tempos. A súa historia agocha a quen viviu nela. As súas pegadas falan de persoas e de loiras. Neste percorrido viaxaremos no tempo sen saír dunha das rúas máis antigas da cidade: a rúa do Santo André.

Lugar de inicio: Praza de Pontevedra con Juana de Vega

GRUPO 1: 10.00 h

GRUPO 2: 12.00 h

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 90 min

VISITA Á PLANTA NOBLE DO CONCELLO DA CORUÑA (PATRI ANGULO)

Os participantes poderán percorrer a planta principal da Casa do Concello, onde se atopa o Museo do Reloxo, que alberga pezas dende o século XVIII ata a actualidade, o Salón de Plenos e os retratos de todos os alcaldes que tivo a nosa cidade.

Lugar de inicio: María Pita

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 18.30 h

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 90 min

O OURO DOS AKAN PAX

A cultura akan de África Occidental, orixinaria da República de Ghana e da Costa de Marfil, ten unha longa e refinada tradición de fabricación de xoias e obxectos relixiosos. Os máis de 300 obxectos da exposición datan na súa maioría dos séculos XIX e XX, aínda que algunhas pezas son moito máis antigas.

Hora e lugar de inicio: 18.00 h, na Fundación Barrié

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 60 min

→ MÉRCORES 11 DE XUÑO

PASEANDO POR SAN ANDRÉS (PATRI ANGULO)

Neste paseo atoparémonos coa historia dunha rúa vencellada ao mar. As súas orixes mergúllanse en lendas. A súa arquitectura fala doutros tempos. A súa historia agocha a quen viviu nela.

As súas pegadas falan de persoas e de loiras. Neste percorrido viaxaremos no tempo sen saír dunha das rúas máis antigas da cidade: a rúa do Santo André.

Lugar de inicio: praza de Pontevedra con Juana de Vega

GRUPO 1: 10.00 h

GRUPO 2: 12.00 h

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 90 min

ENTRE PLAZAS (PATRI ANGULO)

No ano 1898 circulaba pola cidade o primeiro coche propiedade dun afamado doutor. Ese mesmo ano inaugurábanse as Escolas da Garda, regresaban os indianos e a cidade xa dispoñía dun novo barrio do Ensanche. Homes e mulleres viron crecer un novo barrio unido polas súas prazas: Pontevedra, Lugo e Ourense, as tres foron testemuña muda de acontecementos, persoas, historias que falan dunha época. Iniciaremos este percorrido nun dos barrios máis transitados da cidade.

Hora de inicio: praza de Pontevedra (pomba de Picasso)

GRUPO 1: 17.00 h,

GRUPO 2: 19.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min.

XOVES 12 DE XUÑO

DE SANTA LUCÍA AO CAMIÑO NOVO (FER CAMPOS)

Santa Lucía sempre foi un barrio obreiro, pero descubrir as súas orixes pode ser máis que sorprendente.

As imaxes antigas permitirannos entrever a atmosfera de hai un século, ademais de guiarnos polo Camiño Novo, onde experimentaremos o contraste entre a tranquila entrada á cidade e a arteria moderna actual.

Lugar de inicio: escalinata de Sta. Lucía

GRUPO 1: 10.00 h

GRUPO 2: 12.00 h

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 90 min

VISITA Á PLANTA NOBLE DO CONCELLO DA CORUÑA (PATRI ANGULO)

Os participantes poderán percorrer a planta principal da Casa do Concello, onde se atopan o Museo do Reloxo, que alberga pezas dende o século XVIII ata a actualidade, o Salón de Plenos e os retratos de todos os alcaldes que tivo a nosa cidade.

Lugar de inicio: María Pita

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 18.30 h

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 90 min

O OURO DOS AKAN PAX

A cultura akan de África Occidental, orixinaria da República de Ghana e da Costa de Marfil, ten unha longa e refinada tradición de fabricación de xoias e obxectos relixiosos. Os máis de 300 obxectos da exposición datan na súa maioría dos séculos XIX e XX, aínda que algunhas pezas son moito máis antigas.

Hora e lugar de inicio: 18.00 h, na Fundación Barrié

Prezo: 2€

Duración estimada da visita: 60 min

SAÍDAS LONGAS

→ LUNS 2 DE XUÑO

DE MUXÍA AO ÉZARO

Achegarémonos ata Camariñas, visitaremos o Faro de Cabo Vilán e poñeremos rumbo a Muxía para visitar a súa famosa Virxe da Barca. Tras o xantar visitaremos o faro de Fisterra, a fervenza do Ézaro e o hórreo de Carnota.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 40€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ MARTES 3 DE XUÑO

FÁBRICA SARGADELOS-FOZ-MONTE DE SAN PEDRO-FINCA DE CHAVÍN-BANCO DEL LOIBA

Poñeremos rumbo ao Concello de Cervo, onde visitaremos a fábrica e o museo de Sargadelos, así como os seus arredores, onde destaca o paseo dos namorados. Despois de xantar, visitaremos o Monte de San Pedro, a Finca de Chavín e finalizaremos o día no famoso banco de Loiba.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 40€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ MÉRCORES 4 DE XUÑO

PORTUGAL- BAIONA

Poñeremos rumbo cara a Valençá pola mañá, con “parada técnica” na área de servizo de San Simón. Á nosa chegada, sobre ás 10.30 hora española teremos liberdade para visitar o feirón. Ás 13.30 h quedaremos para subir a Fortaleza. Despois de comer, as 17.00 h iremos ata Baiona para desfrutar desta monumental vila, onde teremos tempo libre para dar unha volta arredor do Monte Real ou visitar a zona histórica (aproximadamente unha hora) e regresaremos para A Coruña.

Hora e lugar de inicio: saída dende Forum/Ágora ás 8.00 h e chegada ás 21.00 h aprox

Prezo: 15€ (o prezo inclúe autobús)

→ XOVES 5 DE XUÑO

ILLA DE ONS

Poñeremos rumbo ao Concello de Sanxenxo, onde nos espera o barco que nos levará á Illa de Ons. As Illas Ons combinan natureza salvaxe e patrimonio cultural nun destino único para o turismo sostible. Os visitantes poden descubrir antigas vivendas mariñeiras, camiñar por rutas con vistas ao Atlántico e coñecer historias e lendas que reflicten a identidade galega. Unha vez alí, gozaremos dunha visita guiada pola illa. Tras o xantar, dispoñeremos de tempo libre.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 50€ (o prezo inclúe autobús, xantar e barco coa visita)

→ VENRES 6 DE XUÑO

CASTRO DE SAN CIBRÁN DE LÁS E CARBALLIÑO

Pola mañá visitaremos o Castro de San Cibrao de Lás, un dos máis grandes de Galicia, situado entre San Amaro e Punxín. Este antigo asentamento romano conserva murallas, camiños empedrados, un manancial e vivendas fortificadas. Despois de xantar, realizaremos unha visita guiada á vila do Carballiño. Coñeceremos a Igrexa da Vera Cruz, pasearemos polo casco vello coa Praza Maior e achegarémonos á igrexa de San Cibrao. A visita rematará no Balneario, símbolo da tradición termal da zona.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00h e chegada ás 20.30h aprox.

Prezo: 40€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ SÁBADO 7 DE XUÑO

TARAMUNDI E MOSTEIRO DE MEIRA

O Concello de Taramundi está situado na parte máis occidental de Asturias. Limita coa comunidade autónoma de Galicia. Dentro desta vila famosa polos seus coitelos artesáns, visitaremos o museo dos Molinos, un percorrido interactivo cheo de maxia. Ao remate do xantar, visitaremos o Mosteiro de Santa María de Meira, unha xoia do románico galego fundado no século XII pola orde do Císter. Situado nun contorno natural privilexiado, este mosteiro foi un importante centro espiritual e económico durante a Idade Media.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 45€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ LÚNS 9 DE XUÑO

FERROL DA ILUSTRACIÓN

Poñeremos rumbo a Ferrol para visitar o Arsenal e Buques da armada. Percorreremos o barrio histórico da Magdalena (froito do urbanismo ilustrado) e, tras o xantar, visitaremos o Castelo de San Felipe. Gozaremos de tempo libre antes de regresar ao bus.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20 h aprox.

Prezo: 40€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ MARTES 10 DE XUÑO

SAN PEDRO ROCAS, XUNQUEIRA DE CABEZOÁS E MONTEDERRAMO

Visitaremos o mosteiro de San Pedro de Rocas situado no monte Barbeirón, rodeado de formación rochosa que puido darlle o seu nome a este lugar. Posteriormente dirixirémonos o Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo. Destacar que é un dos grandes descoñecidos da Ribeira Sacra, polo que pasaron moitos estilos arquitectónicos ao longo da súa historia. Ao remate do xantar, dirixirémonos ao último mosteiro, o de Santa María de Montederramo (ben de interese cultural dende 1951).

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20 h aprox.

Prezo: 45€

➔ **MÉRCORES 11 DE XUÑO**

DE CEDEIRA A ORTIGUEIRA POR SAN ANDRÉS

Saída cara ás rías de Betanzos, Ares e Ferrol con parada a vila de Cedeira. Tamén visitaremos o miradoiro de Vixía en San Andrés de Teixido. Comeremos e visitaremos Ortigueira, para gozar pola tarde de Estaca de Bares e o Acantilado de Loiba.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 40€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar).

➔ **XOVES 12 DE XUÑO**

ILLAS CIES

Poñeremos rumbo ao Concello de Sanxenxo, onde nos espera o barco que nos levará as Illas Cíes. As Illas Cíes, coñecidas como o “paraíso do Atlántico”, ofrecen praias de area branca e augas cristalinas nun contorno protexido. Ademais da súa beleza natural, gardan restos arqueolóxicos e historias vencelladas á navegación e forman un destino turístico que une lecer, cultura e conservación ambiental. Unha vez alí, gozaremos dunha visita guiada pola illa. Tras o xantar, dispoñeremos de tempo libre.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 50€ (o prezo inclúe autobús, xantar e barco coa visita)

➔ **VENRES 13 DE XUÑO**

CELANOVA E A SÚA COMARCA

Saída para Celanova, chegada e visita guiada ao Mosteiro de San Salvador. Unha vez rematada a visita, sentarémolos a comer. Pola tarde, visitaremos Vilanova dos Infantes e o xacemento arqueolóxico de Castromao.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 45€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

➔ **SÁBADO 14 DE XUÑO**

MOSTEIROS DA RIBEIRA SACRA

Comezamos a nosa visita no Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, un dos conxuntos máis destacados e espectaculares do rico patrimonio monumental de Galicia. Foi construído entre o século XII e o XVIII. Tras o xantar, visitaremos o castelo de Castro Candelas e unha bodega.

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 50€ (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

MÁIS CELEBRACIÓNS...

→ EXPOSICIÓNS NO FÓRUM

Para festexar o fin das actividades de primavera, os obradoiros de tapiz 3D e gobelino, soutache e os clubs de coiro e manualidades exporán na planta baixa do Fórum Metropolitano.

Hora e lugar de inicio: Planta baixa do Fórum Metropolitano, do 26 ao 30 de maio.

Prezo: de balde

→ EXPOSICIÓNS NO FÓRUM

Os/as participantes do obradoiro Mapas Textiis, exporán no Fórum Metropolitano as obras confeccionadas esta primavera.

Hora e lugar de inicio: Planta baixa do Fórum Metropolitano, do 2 ao 7 de xuño.

Prezo: de balde

→ CLAUSURA OBRADOIROS DE PANDEIRETA e CANTOS PARA COMPARTIR

Este ano, os grupos dos obradoiros Cantos para compartir, Ailalelo e Eu Cantar, Cantei do Centro Ágora ofrecerannos unha serie de actuacións para todos os públicos.

Hora e lugar de inicio: No auditorio do Centro Ágora, o Xoves 22 de maio ás 19.30 h

Prezo: de balde

→ CLAUSURA OBRADOIRO DE PANDEIRETA

Este ano, os grupos de Pandeireta nos ofrecerannos unha serie de actuacións para todos os públicos.

Hora e lugar de inicio: No auditorio do Fórum Metropolitano o Luns 2 de xuño ás 19.30 h

Prezo: de balde

→ CLAUSURA DE CANTOS DE TABERNA

Este ano, os grupos de Cantos de Taberna ofrecerannos unha serie de actuacións para todos os públicos.

Hora e lugar de inicio: No auditorio do Fórum Metropolitano, o martes 3 de xuño ás 19.30 h

Prezo: de balde

→ CLAUSURA DOS OBRADOIROS DE CURTAMETRAXES

Este ano, os grupos de Curtametraxe do Fórum Metropolitano e do Centro Ágora nos ofrecerannos unha proxección do seu traballo.

Hora e lugar de inicio: na sala de cine do Fórum Metropolitano, o mércores 18 de xuño, ás 19.00 h.

Prezo: de balde

Entrada libre ata completar aforo

